

BOLETÍN ALTAIR

SETEMBRO 2016



Os grupos educativos de Altair retoman as súas actividades

Setembro marca o regreso ás actividades dos grupos educativos de Altair despois dun pequeno descanso estival. Así o fixeron xa en Seteportas (Compostela) e Chao de Castro (Burela), dentro de Altair Galiza; e tamén, no caso de Cabo Vede, no Estrelas (Mindelo).

As diferentes equipas educativas veñen reuníndose dende hai semanas para retomar o funcionamento semanal dos grupos, con actividades destinadas a aprender a través do xogo, baseándose na pedagogía do proxecto como metodoloxía de traballo. Ademais, no caso galego, xa teñen programados os seus campamentos de inicio de curso, abertos a calquera crianza (7-17 anos) que queira sumarse a esta experiencia.

Seteportas

Como ben explica o seu coordinador, Brais Pedreira, nesta [entrevista de La Voz de Galicia](#); as actividades do grupo compostelán teñen lugar **tódolos sábados da 11h a 14h no local da asociación (rúa Salvadas, 22-baixo)**. Actualmente Seteportas conta con 6 nenas e nenos de entre 7 e 12 anos, mais está aberto a recibir novas incorporacións e, de feito, un aumento no número de participantes enriquecería o funcionamento do propio grupo. En canto á equipa educativa, nestes momentos consta de 5 persoas. **O campamento de inicio de curso desenvolverase do 7 ó 9 de outubro en Cesuras.**



Chao de Castro

As actividades de Chao de Castro desenvólvense os **sábados de 16h a 19h na Casa da Xuventude de Burela**. A elas acoden 8 crianzas de entre 8 e 10 anos, así como un educador e unha educadora. Neste caso, o campamento de outono terá lugar **do 7 ó 9 de outubro en Mondoñedo**. Velaquí o seu cartaz:

XOGOS-MÚSICA-SENDEIRISMO-NATUREZA-ANIMAIS-COCIÑA-
LEGER AO AIRE LIBRE-CASTAÑAS-COGUMELOS-LUME DE CAMPAMENTO

7, 8 e 9 de outubro de 2016

MONDOÑEDO
Centro sociocultural de Masma
de 7 a 13 anos

CAMPAMENTO
de outono

PREZOS
27 € (soci@s)
45 €* (non soci@s)

*Inclúe cota do mes de outubro para quen
queira continuar na asociación

.....

info/ inscricións:
685325153
chaodecastro.altair.burela@gmail.com
<https://chaodecastro.wordpress.com>
Data límite: 5 de outubro

 CHAO DE CASTRO
altair-Burela

 CONCELLO DE BURELA

 Concello de Mondoñedo

Reunión informativa: domingo, 2 de outubro - 19h
Casa da Xuventude de Burela

O prezo inclúe transporte ao lugar de campamento e seguros

Estrelas

O grupo caboverdiano Estrelas, que funciona no Mindelo (illa de São Vicente), componse de 10 crianzas de 8 e 9 anos, así como as súas 3 educadoras. As actividades desenvólvense tamén nos sábados, cunha duración de 2 horas. Cómpre destacar que, malia que a asociación conta cun local, as condicións climatolóxicas permiten que a maioría das dinámicas poidan realizarse no exterior, algo que non acontece no caso galego.

Compartindo experiencias

A realidade na que progresan os grupos de Altair Galiza e Cabo Verde varía en moitos aspectos. Mais estas diferenzas permiten precisamente compartir experiencias e traballar en rede para construír conxuntamente un proxecto adaptado a cada contexto. Para isto, diversas persoas de Altair Cabo Verde teñen vido á Galiza e viceversa, tal e como aconteceu neste verán, cando a educadora Ronízia viaxou dende o Mindelo até Compostela para formarse como monitora de tempo libre.

Seguindo esta liña, no mes de novembro Olalla Liñares desprazarase á illa de São Vicente para intercambiar ideas e métodos de traballo coa equipa educativa do grupo Estrelas. Ó seu regreso, poderemos coñecer os froitos desta aventura que de seguro enriquecerá o funcionamento dos grupos galegos e caboverdiano.

Formando nov@s educador@s

Paralelamente á actividade dos grupos educativos, a Escola de Tempos Libres Altair Galiza continúa a súa andaina ofertando e realizando varios cursos cada ano. Neste verán desenvolveuse un intensivo en Compostela, onde se formaron 14 novos/as educadores/as, algúns/as dos/as cales pasaron a integrarse na propia equipa de Seteportas.

Nos vindeiros meses (setembro-novembro) terán lugar dous novos cursos extensivos: un en Compostela e outro na Mariña. Neles participarán 14 persoas que poderán obter o seu título de Monitor/a de Tempo Libre.

CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

Burela-Cervo (A Mariña)

Setembro - novembro 2016

Modalidade extensiva

PREZO: 260€

Data límite: 22 de setembro

Posibilidade de pagamento en 3 prazos de 70€ + entrada de 50€

Membros das equipas educativas de Altair ou persoas que desexen pertencer ao voluntariado educativo de Altair: 75€

LUGARES:

Casa da Xuventude de Burela

Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela

Escola de San Román de Vilaestrofe (albergue gratuito e dereito a cocíña)

Inclúe:
seguro de responsabilidade civil,
póliza de accidentes,
material e actividades

Fase teórico-práctica: 200h
(sábados e domingos*
24 setembro -27 novembro)
Fase práctica: 150h

FORMACIÓN HOMOLOGADA
Xunta de Galicia



Info/inscricións:
685325153
etl.altair.galiza@gmail.com
etlaltairgaliza.wordpress.com

CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

Santiago de Compostela

Setembro - novembro 2016

Modalidade extensiva

PREZO: 260€

Data límite: 22 de setembro

Posibilidade de pagamento en 3 prazos de 70€ + entrada de 50€

Membros das equipas educativas de Altair ou persoas que desexen pertencer ao voluntariado educativo de Altair: 75€

Inclúe:
seguro de responsabilidade civil,
póliza de accidentes,
material e actividades

Fase teórico-práctica: 200h
(sábados e domingos*
24 setembro -27 novembro)
Fase práctica: 150h

*Posibilidade de aloxamento gratuito

Info/inscricións:
685325153

etl.altair.galiza@gmail.com
etlaltairgaliza.wordpress.com

FORMACIÓN HOMOLOGADA
Xunta de Galicia



Saúdos!